

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O COFINANCIAMENTO DA PARTICIPACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO NODO ESPAÑOL DO CONSORCIO DE INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN EUROPEAS “EU-OPENSREEN-ERIC”, DEDICADA Á INVESTIGACIÓN EN BIOLOXÍA QUÍMICA

Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Doutra, D. ANTONIO LÓPEZ DÍAZ, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/201, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta lei ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición

das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional e posibilitar un cambios no modelo produtivo galego cara a outro centrado na innovación.

SEGUNDO

Que a Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro). Encóntrase adscrita á Consellería de Economía e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

TERCEIRO

O Plan Galicia Innova 2020 constitúe o principal marco instrumental para articular e reforzar a política de I+D+i galega de cara consecución dos obxectivos que a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3) establece no horizonte do 2020. O Plan busca, de forma coordinada co conxunto de estratexias de ámbito rexional, nacional e europeo, e no marco de financiamento comunitario ata 2020, maximizar, a través da Innovación, o aproveitamento das oportunidades que entraña o contexto de transformacións globais que estamos a vivir e alcanzar os obxectivos de modernización da economía, competitividade e progreso social asumidos no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

CUARTO

Que a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, no artigo 39.3 establece que a universidade asume, como un dos seus obxectivos esenciais, o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e que atenderá tanto á investigación aplicada como á básica. Como se pon de manifesto nos diferentes apartados do artigo 41 da citada Lei, co fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico preténdese asegurar o fomento da calidade e da competitividade internacional da investigación desenvolvida polas Universidades; a vinculación entre a investigación universitaria e o sistema produtivo, como vía para articular a transferencia dos coñecementos xerados e a presenza da Universidade no proceso de innovación do sistema produtivo e das empresas; a xeración de sistemas innovadores na organización e xestión polas Universidades do fomento da súa actividade investigadora, da transferencia dos resultados da investigación e da capacitación de recursos para o seu desenvolvemento.

QUINTO

Que a USC é unha entidade de dereito público que, xunto coa misión docente, realiza actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que a configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

SEXTO

Que a infraestrutura europea EU-OPENSREEN, dedicada á investigación en Bioloxía Química (Chemical Biology), está incluída desde 2008 na Folla de Ruta de infraestruturas de investigación do Foro Estratéxico Europeo para as Infraestruturas de Investigación (ESFRI, nas súas siglas en inglés).

Que a operativa desta infraestrutura supón un investimento total de seis millóns de euros (6 M €) entre 2017 e 2021, que será financiada por diversos países da UE, e dedicarase ao estudo das interaccións entre compostos químicos (novos ou xa existentes) e entidades biolóxicas. Os traballos de investigación vinculados a EU-OPENSREEN permitirán descubrir sustancias con actividade biolóxica en todas as áreas de ciencias da vida, a través da prestación de acceso aberto transnacional ás máis avanzadas tecnoloxías, experiencia e recursos químicos e biolóxicos, así como da compilación do amplo coñecemento europeo sobre compostos químicos nunha colección para uso común.

SÉTIMO

Que o 29 de decembro de 2017 o Ministerio de Economía, Industria y Competitividad asinou un Convenio de Colaboración co Instituto de Salud Carlos III, a Fundación Medina, a Fundació Institut Mar

D'Investigacións Mèdiques, a Fundación de la Comunidad Valenciana Centro de Investigación Príncipe Felipe e a USC para regular a participación de España no Consorcio de Infraestruturas de Investigación Europeas EU-OPENSSCREEN-ERIC, dedicada á investigación en bioloxía química (en adiante Convenio de Colaboración EU-OPENSSCREEN-ERIC).

Que na Cláusula Terceira deste convenio establécense as contribucións máximas de España a EU-OPENSSCREEN-ERIC para o desenvolvemento das actividades propias da infraestrutura durante o período 2017-2021 e as obrigas que cada un dos organismos e entidades representantes de España asume pola súa participación no Consorcio.

OITAVA

Que GAIN, dentro das súas competencias, ten interese en apoiar á USC no cofinanciamento da participación da USC no nodo español do ERIC EU-OPENSSCREEN, na medida en que, a efectos do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio responden as actuacións de reforzar a excelencia investigadora das universidades e teñen un interese público, xa que contribúen á mellora da calidade de vida e de saúde dos cidadáns.

Por todo o que antecede as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto do Convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a USC no cofinanciamento da súa participación no nodo español do ERIC EU-OPENSSCREEN reforzando a súa actividade investigadora e fomentando a innovación, competitividade e internacionalización do sector empresarial en Galicia.

SEGUNDA.- Condicións económicas

- GAIN comprométese a colaborar cunha achega económica anual do 50% da contribución que a USC deba facer no nodo español do ERIC EU-OPENSSCREEN durante o período 2018-2020

segundo o estipulado na cláusula terceira do Convenio de Colaboración EU-OPENSREEN-ERIC referido no expoñendo sétimo, ata o importe máximo total de 109.200,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.444.0 (código de proxecto 2015 16). As contías máximas anuais indícanse a continuación:

Importe 2018	Importe 2019	Importe 2020	Total
35.000,00 €	37.100,00 €	37.100,00 €	109.200,00 €

- A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada por GAIN poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De ser o caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 13 de xuño (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).
- De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido no artigo 11.a) do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obriga da USC de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

TERCEIRA.- Pagamento e xustificación.

GAIN efectuará o libramento do 50% da contribución anual que a USC faga ao nodo español do ERIC EU-OPENSREEN. En todo caso, as achegas máximas anuais serán as que se indican a continuación:

Importe 2018	Importe 2019	Importe 2020	Total
35.000,00 €	37.100,00 €	37.100,00 €	109.200,00 €

En cada anualidade os correspondentes importes faranse efectivos contra a presentación pola USC

dunha memoria na que se dea conta do destino da achega e dunha certificación expedida polo órgano de control correspondente de cada universidade na que se da toma de razón en contabilidade da achega, especificando o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin.

Con data límite do 17 de decembro de cada anualidade presentárase a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento durante ese exercicio.

Tamén deberán presentar a declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para este fin (tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución) e a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social e de non ter débedas coas administracións.

CUARTA.- Compromisos e autorizacións

1. A USC comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Contabilizar de forma separada a súa actividade económica e non económica de modo que se poida distinguir con claridade entre ambos os dous tipos de actividades e entre os seus respectivos custos e financiamento.

- Comunicar a Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
- Dar consentimento expreso á GAIN para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Dar consentimento expreso á GAIN para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia Galega de Innovación.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Destinar o material inventariable ao fin concreto para o que se concedeu a subvención segundo o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, fixándose a estes efectos o período de afección dos bens respectivamente en cinco anos para os bens inscribibles nun rexistro público, e dous anos para os restantes bens.

- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).
- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificativo.

QUINTA.- Seguimento e evolución do convenio

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes de GAIN e dous representantes da USC, designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A comisión reunirase tantas veces o solicite algún dos membros. Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SEXTA.- Control

GAIN poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar e supervisar que as actividades obxecto deste convenio progresan adecuadamente e se alcanzan os obxectivos programados.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas.

SÉTIMA.- Alteración das actuacións

Toda alteración nas accións a realizar deberán ser obxecto de autorización por GAIN e formalizarase mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Este convenio está vinculado ao convenio do 29 de decembro de 2017, citado no expoñendo número sétimo, de maneira que calquera cambio neste último repercutirá no presente, modificándose a través das correspondentes addendas.

O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver pola USC ou a ampliación do prazo de execución.

OITAVA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e GAIN, de maneira que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

NOVENA.- Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.

O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable previsto no convenio, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.

No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no convenio, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto ou investimento non xustificada.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMA.- Natureza e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo, rexerase polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, exclúese do ámbito de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6.1), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A axuda que se concede, dado que as actividades de fomento da investigación non se realizan por conta ou en colaboración con empresas, non ten a consideración de axudas do Estado para os efectos do número 1 do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e do Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación, desenvolvemento e innovación (2014/ C 198/01). En todo caso, a USC queda obrigada a destinar a axuda recibida a usos relacionados con actividades non económicas.

GAIN ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdicional do Contencioso – Administrativo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2020, sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen no mes de xaneiro de 2018. Sendo prorrogables mentres que está en vixencia o convenio asinado o 29 de decembro de 2017, citado no expoñendo número sétimo, co Ministerio, ata un máximo de dous anos.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira do presente documento.

POLA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Francisco José Conde López

Antonio López Díaz